



NOTA DE PRENSA

A PRESIDENTA DO PARLAMENTO SINALA EN OURENSE QUE "GALICIA AFRONTA O RETO DE CAMBIAR O MODELO DE CRECEMENTO, APOSTANDO POLA EDUCACIÓN, O I+D+I, E O EMPREGO DE CALIDADE"

Dolores Villarino inaugurou as II Xornadas Xurídico-Sociais organizadas pola Universidade de Vigo na Facultade de Dereito de Ourense coa conferencia "Da Galicia de onte á Galicia de hoxe"

Ourense, 19 de marzo de 07. A presidenta do Parlamento de Galicia, Dolores Villarino Santiago, dixo hoxe en Ourense que "Galicia afronta o reto de cambiar o modelo de crecemento, apostando pola educación, o I+D+i e o emprego de calidade". Así o sinalou na conferencia "Da Galicia de onte á Galicia de hoxe", coa que inaugurou as II Xornadas Xurídico-Sociais organizadas pola Universidade de Vigo na Facultade de Dereito de Ourense sobre "Galicia no contexto estatal e internacional: cuestións do presente e perspectivas de futuro".

Explicou que este cambio no modelo de crecemento ten como obxectivo a mellora da competitividade para así incrementar o nivel de converxencia co resto do Estado e o entorno europeo. Engadiu que cumpre "aumentar o capital físico, potenciar a rede de cidades e a configuración da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, o saneamento das rías e a aposta decidida por un desenvolvemento sustentable.

Salientou os esforzos realizados neste sentido pola Administración Autonómica, que inclúen a mellora da formación do capital humano a través do incremento de recursos destinados a educación ou a posta en marcha do Plan Galego de I+D+i, que pasa de 284 millóns de euros entre 2002-2005 a 800 millóns entre 2006-2010.

Tamén sinalou o impulso ao Banco de Terras a través dunha lei agora en trámite na Cámara autonómica e que a reordenará do sector agrícola, o fortalecemento da rede de cidades galegas ou o compromiso do Goberno central co desenvolvemento das infraestruturas ferroviarias.

Galicia, dixo, "empeza a ser hoxe un territorio atractivo, competitivo e sedutor, que se ven consolidando como un escenario de estabilidade e confianza, con un crecemento sostido maior e mellor que a economía estatal". Esta Comunidade Autónoma é tamén líder en redución do desemprego e presenta unhas expectativas moi positivas en comercio exterior, consolidando un proceso de apertura crecente e cunha internacionalización que ofrece a posibilidade de xeneralizar o crecemento e boa saúde deste mercado.

Punto de partida

A presidenta da Cámara autonómica analizou na súa intervención a evolución socioeconómica da Comunidade Autónoma dende mediados do século XX, o impacto da chegada da democracia, a integración na UE e a creación do Goberno autonómico. Dixo que "pasamos dun país atrasado nos ámbitos económico, político e social a un país cos mesmos ou mellores instrumentos que os países máis desenvolvidos", e engadiu que "a conquista de novos dereitos e oportunidades nos fai a todos máis iguais e, polo tanto, máis libres".



Na súa intervención, a presidenta da Cámara autonómica sinalou que “partimos dunha sociedade sen liberdade para decidir, cunha estrutura produtiva baseada na agricultura, sectores industriais maduros e un sector servizos débil, afastados de Europa e sen presenza nos mercados exteriores. Nesta Comunidade Autónoma había unha renda per cápita moi alonxada da media estatal, baixa cualificación e carencias estruturais de capital físico que mermaban a competitividade”.

Sinalou as importantes transformacións rexistradas nos últimos anos a partir do proceso de consecución das liberdades e a descentralización política, co desenvolvemento do Estado das Autonomías e o aumento do autogoberno, que beneficiou a todas as comunidades autónomas pola “descentralización efectiva e equilibrada do gasto público e dunha mellor e máis eficiente xestión”.

Por outra banda, apuntou que os fondos comunitarios beneficiaron en maior medida ao resto do Estado que a Galicia, onde o modelo económico deixou en segundo lugar a educación, a formación e o I+D+i, optando pola “choiva fina”, sen afrontar as infraestruturas vertebradoras do territorio.

A presidenta do Parlamento inaugurou hoxe as xornadas Xurídico-Sociais nun acto no que tamén estiveron presentes o subdelegado do Goberno en Ourense, Camilo Ocampo, o vicerreitor do Campus de Ourense, Francisco Gálvez, a decana e o vicedecano da Facultade de Dereito, Inés Iglesias e Iago Fariñas, respectivamente, e o presidente da Organización Precursora de Iniciativas do Campus de Ourense –Opico-.

Un Saúdo,

Departamento de Prensa,
Parlamento de Galicia.